

**ACTA 16/20**

**SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**

**- 16 DE NOVIEMBRE DE 2020 -**

Na sala de Xuntas da Casa Consistorial, sendo as catorce horas do día 16 de novembro de 2020, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as que de seguido se relacionan, baixo a presidencia do sr. alcalde, D. Rafael C. Sisto Edreira, co obxecto de celebrar a sesión ordinaria correspondente ao día da data, para a que foron debidamente convocados/as.

**Presidente:**

D. Rafael Carlos Sisto Edreira

**Concelleiros/as:**

D.<sup>a</sup> María López Álvarez

D.<sup>a</sup> Uxía Lemus de la Iglesias

D. Roberto Moñino Gil

D.<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Josefa Argibay da Silva

**Non asiste, previa escusa:**

D.<sup>a</sup> Iria Otero Romero

**Arquitecto:** D. Ignacio Soto González

**Secretaria:** D.<sup>a</sup> Virginia Fraga Díaz, que dou fe do acto.

**ORDE DO DÍA:**

**1. LICENZAS URBANÍSTICAS**

**2. ACEPTACIÓN DE CESIÓN DE TERREOS PARA A REGULARIZACIÓN DE VIARIO:  
LICENZA 31/2020**

**3. TOMA DE COÑECEMENTO DA INSCRICIÓN NO REXISTRO DA PROPIEDADE DA  
CESIÓN DE TERREOS PARA A REGULARIZACIÓN DE VIARIO 46/2019**

#### **4. AUTORIZACIÓNS DE OCUPACIÓN DE DOMINIO PÚBLICO**

#### **5. PROPOSTA DA ALCALDÍA DE DEVOLUCIÓN DE GARANTÍA A D. JAIME CARREIRA VILLAR**

#### **6. PROPOSTA DA ALCALDÍA DE APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN “BOMBEO DE SANEAMENTO EN CAXADE (LUOU) “(POS+ 2020) (O-13/2020)**

#### **7. PROPOSTA DA ALCALDÍA DE CONCESIÓN DE SUBVENCIONS A ENTIDADES PARA ACTIVIDADES DE BENESTAR REALIZADAS EN 2020**

#### **8. PROPOSTAS DA ALCALDÍA**

#### **9. ROGOS E PREGUNTAS**

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución da Xunta de Goberno Local, o sr. alcalde declara aberto o acto, pasando a tratar os asuntos incluídos na orde do día que figura na convocatoria, que son os seguintes:

##### **1.- LICENZAS URBANÍSTICAS**

Dada conta dos expedientes que se atopan pendentes de resolución, e vistos os informes técnicos e xurídicos, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus membros presentes, e por delegación da Alcaldía (Decreto do 3 de xullo de 2020 (res. 622/2020)), acorda conceder a seguinte relación de licenzas. As licenzas outórganse deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro. Condicionadas ao cumprimento da normativa aplicable. Pagarán os interesados os importes da liquidación de dereitos devengados polos expedientes respectivos que será notificada por Secretaría e logo de acreditado o pagamento polo interesado expediranse as licenzas.

As obras executaranse de acordo coas condicións que en cada caso se establecen, segundo os informes técnicos:

**1.1.- A UVALDINA DOLORES MILMANDA BARREIRO**, licenza para segregación (tres parcelas) dunha finca situada en Castres, 21, Oza, R.C.: 15083B507000390000SU, segundo proxecto redactado polo técnico Juan Carlos Vilariño Santos.

Expediente núm: **48/2020**

Autorízase o solicitado coas seguintes condicións:

-Segregarase de acordo co proxecto presentado o 15 de outubro de 2020 (rex. entrada núm. 202099900001700), “Proxecto segregación de finca en ordenanzas N-2 y R-5” redactado polo técnico Juan Carlos Vilariño Santos.

-Terase que ter en conta a obriga da cesión dos terreos situados fóra das aliñacións establecidas polo planeamento recollida no artigo 150.5 da Lei do Solo de Galicia.

-As parcelas resultantes son:

	PXOM	Parcela 1	Parcela 2	Resto finca matriz	Cesión
Ordenanza de aplicación	N2	N2	N2	Rústico especial protección augas	N2
Superficie mínima	600 m <sup>2</sup>	1.262 m <sup>2</sup>	1.262 m <sup>2</sup>	3.413 m <sup>2</sup>	159 m <sup>2</sup>
Fronte mínimo	14 m	25,84 m	27,43 m		

-Figura no expediente documento de cesión gratuíta a favor do Concello de Teo, dunha superficie de 159,00 metros cadrados, asinado pola sra. Milmanda e os sres. José Luis Lela e Jaime Leal.

**- A eficacia da licenza condiciónase á inscrición no Rexistro da Propiedade a favor do concello dos terreos sitos fóra das aliñacións establecidas polo planeamento, segundo o establecido nos artigos 24.2 e 150.5 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, e artigos 36.2 e 368.5 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da citada Lei.**

Apróbanse as seguintes liquidacións:

-. Taxa pola expedición de licenzas urbanísticas: 180,00 €.

## **2.- ACEPTACIÓN DE CESIÓN DE TERREOS PARA A REGULARIZACIÓN DE VIARIO LICENZA 31/2020**

Escrito presentado por Laura Gómez González, en data 5 de novembro de 2020, con rexistro de entrada no Concello núm. 202000000005532, no que solicita a aceptación da cesión dos terreos para a regularización do viario, correspondentes coa licenza urbanística 31/2020, xuntando escritura pública de data catro de novembro de 2020, da notaria M<sup>a</sup> Inmaculada Espiñeira Soto, na que se recolle a cesión.

Vista a licenza concedida, pola Xunta de Goberno Local, en sesión de data 3 de agosto de 2020, a Laura Gómez González, para obras de construción dunha vivenda unifamiliar, en A Torre, nº 51, parroquia de Cacheiras, R.C.: 15083B503002940000SS, (Expte. electrónico 2020/U022/000009), coa condición, entre outras, de inscribir no Rexistro da Propiedade de Padrón a favor do Concello de Teo e libre de cargas, a cesión dos terreos para a regularización do viario que figura na escritura de cesión presentada.

A cesión correspondente concrétase nunha superficie de 71,00 metros cadrados.

Visto o disposto nos artigos 24.2 e 150.5 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e artigos 36.2 e 368.5 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da citada Lei.

En virtude do exposto a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes e por delegación da Alcaldía (Decreto do 3 de xullo de 2020 (res. 622/2020)), acorda:

**Primeiro.-** Aceptar a cesión dos terreos que figuran na escritura pública de data catro de novembro de 2020, da notaría M<sup>a</sup> Inmaculada Espiñeira Soto, dunha superficie de 71,00 metros cadrados, correspondente coa licenza urbanística 31/2020.

**Segundo.-** Deberá procederse polas persoas interesadas a inscribir no Rexistro da Propiedade a favor do concello de Teo a cesión da superficie descrita, debendo presentarse neste a documentación acreditativa da citada inscrición. Ata que dita documentación sexa presentada no concello e se lle de o trámite oportuno, manterase condicionada a eficacia da licenza concedida pola Xunta de Goberno Local, en sesión de data 3 de agosto de 2020 (Lic. 31/2020).

**Terceiro.-** Ordenar a devolución do expediente ao Departamento de Urbanismo para a xestión do mesmo.

### **3.- TOMA DE COÑECEMENTO DA INSCRICIÓN NO REXISTRO DA PROPIEDAD DA CESIÓN DE TERREOS PARA A REGULARIZACIÓN DE VIARIO:**

#### **3.1.- LICENZA 46/2019**

Escrito presentado por Manuel Rivadulla Rey, en data 5 de novembro de 2020, con rexistro de entrada no Concello núm. 20200000005524, xuntando a inscrición no Rexistro da Propiedade a favor do Concello de Teo, da cesión dos terreos cuxa aceptación fora acordada pola Xunta de Goberno Local, en sesión de data 5 de outubro de 2020.

Vista a licenza concedida, pola Xunta de Goberno Local, en sesión de data 16 de decembro de 2019, a Manuel Rivadulla Rey, para segregación (dúas parcelas) da finca situada en Requián, 5, parroquia de Cacheiras, R.C.: 15083B503007990000SI (Expte. electrónico 2019/U018/000012), coa condición, entre outras, de inscribir no Rexistro da Propiedade de Padrón a favor do Concello de Teo e libre de cargas, a cesión dos terreos para a regularización do viario que figuraban no documento de cesión asinado polo promotor.

A cesión correspondente concrétase nunha superficie de 359,00 metros cadrados

Figura a inscrición, a favor do Concello de Teo do pleno dominio, a seguinte finca:

Finca setecentos noventa e nove-C, de concentración parcelaria de Cacheiras-Recesende, dunha superficie de trescentos cincuenta e nove metros cadrados. inscrición: 2<sup>a</sup>, Tomo: 962, libro: 375, folio 50, data: 27 de outubro de 2020. Código Rexistral Único: 15013001123472.

Visto o disposto nos artigos 24.2 e 150.5 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e artigos 36.2 e 368.5 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da citada Lei.

En virtude do exposto a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes e por delegación da Alcaldía (Decreto do 3 de xullo de 2020 (res. 622/2020)), acorda:

**Primeiro.-** Tomar coñecemento da inscrición no Rexistro da Propiedade a favor do concello de Teo dos terreos obxecto de cesión, que figuran na escritura pública de vinte oito de xaneiro de 2020, do notario Carlos Sebastián Lapido Alonso, na que se recolle a cesión, facendo constar a eficacia da licenza concedida pola Xunta de Goberno Local o 16 de decembro de 2019, expte. 46/2019.

**Segundo.-** Dar por cumprida coa referida inscrición a condición á que se suxeitou a licenza concedida, pola Xunta de Goberno Local, en sesión de data 16 de decembro de 2019, a Manuel Rivadulla Rey, para

segregación (dúas parcelas) da finca situada en Requián, 5, parroquia de Cacheiras, R.C.: 15083B503007990000SI (Expte. electrónico 2019/U018/000012).

**Terceiro.-** Dar traslado do presente ao departamento de intervención para a incorporación dos terreos obxecto de cesión ao Patrimonio Municipal do Solo.

**Cuarto.-** Ordenar a devolución do expediente ao Departamento de Urbanismo para a xestión do mesmo.

### **3.2.- LICENZA 19/2020**

Escrito presentado por Ana Lucia López Pimentel, en data 9 de novembro de 2020, con rexistro de entrada no Concello núm. 202000000005602, xuntando a inscrición no Rexistro da Propiedade a favor do Concello de Teo, da cesión dos terreos cuxa aceptación fora acordada pola Xunta de Goberno Local, en sesión de data 7 de setembro de 2020.

Vista a licenza concedida, pola Xunta de Goberno Local, en sesión de data 6 de xullo de 2020, a Ana Lucia López Pimentel, para obras de construción dunha vivenda unifamiliar, en Cornide, nº 68, parroquia de Calo, R.C.: 15083D508012710000MI, (Expte. electrónico 2019/U022/000023), coa condición, entre outras, de inscribir no Rexistro da Propiedade de Padrón a favor do Concello de Teo e libre de cargas, a cesión dos terreos para a regularización do viario que figuraban no documento de cesión asinado pola promotora.

A cesión correspondente concrétase nunha superficie de 341,00 metros cadrados.

Figura a inscrición, a favor do Concello de Teo do pleno dominio, a seguinte finca:

Finca núm. 1271-1 de concentración parcelaria de San Juan de Calo, dunha superficie de trescentos corenta e un metros cadrados. inscrición: 1ª, Tomo: 965, libro: 376, folio 203, data: 5 de novembro de 2020. Código Rexistral Único: 15013001125612.

Visto o disposto nos artigos 24.2 e 150.5 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e artigos 36.2 e 368.5 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da citada Lei.

En virtude do exposto a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes e por delegación da Alcaldía (Decreto do 3 de xullo de 2020 (res. 622/2020)), acorda:

**Primeiro.-** Tomar coñecemento da inscrición no Rexistro da Propiedade a favor do concello de Teo dos terreos obxecto de cesión, que figuran na escritura pública de vinte sete de agosto de 2020, do notario Manuel María Romero Neira, na que se recolle a cesión, facendo constar a eficacia da licenza concedida pola Xunta de Goberno Local o 6 de xullo de 2020, expte. 19/2020.

**Segundo.-** Dar por cumprida coa referida inscrición a condición á que se suxeitou a licenza concedida pola Xunta de Goberno Local, en sesión de data 6 de xullo de 2020, a Ana Lucia López Pimentel, para obras de construción dunha vivenda unifamiliar, en Cornide, nº 68, parroquia de Calo, R.C.: 15083D508012710000MI, (Expte. electrónico 2019/U022/000023).

**Terceiro.-** Dar traslado do presente ao departamento de intervención para a incorporación dos terreos obxecto de cesión ao Patrimonio Municipal do Solo.

**Cuarto.-** Ordenar a devolución do expediente ao Departamento de Urbanismo para a xestión do mesmo.

#### **4.- AUTORIZACIÓNS DE OCUPACIÓN DE DOMINIO PÚBLICO**

**4.1.- PROPOSTA DA CONCELEIRA DE URBANISMO DE AUTORIZACIÓN DE OCUPACIÓN DE DOMINIO PÚBLICO A UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD S.A. (rex. entrada nº 202099900001545 do 24/09/2020).**

Dáse conta aos membros da Xunta de Goberno Local da proposta da concelleira de urbanismo de 2 de novembro de 2020 que se recolle a continuación:

#### **“PROPOSTA CONCELEIRA DE URBANISMO**

*Vista a solicitude presentada por Ana María Salgado López, en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD S.A., de 24 de setembro de 2020 (rex. entrada nº 202099900001545), para que se lle outorgue autorización para a ocupación do dominio público para execución dunha rede de baixa tensión subterránea con un paso aéreo-subterráneo (PAS) e unha canalización de 83 metros, en Campos, 71, Teo (S.G.D.: 618520030038).*

*Considerando que segundo o artigo 3 do R.D. 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de bens das entidades locais (en adiante, RBEL), as redes de condución e canalización eléctrica son bens de dominio público.*

*Considerando que a utilización dos bens de dominio público rexese polos artigos 74 e seguintes do Regulamento citado, diferenciándose, no artigo 74, entre uso común, xeral e especial, uso privativo, uso normal e uso anormal.*

*Considerando que as instalación de redes eléctricas supoñen un uso común especial normal do dominio público suxeito a licenza (SSTS de 17 de outubro de 1978 e 9 de outubro de 1985).*

*Considerando que o artigo 77 do RBEL dispón que o uso común especial se suxeitará a licenza, “axustada á natureza do dominio, ás actas da súa afectación e apertura ao uso público e aos precepto de carácter xeral”.*

*Considerando que, tal e como dispón o parágrafo 2 do artigo citado, as licenzas outorgaranse directamente, “salvo se por calquera circunstancia se limitara o número das mesma, en cuxo caso outorgaranse por licitación”, circunstancia esta última que non concorre no expediente ao que se refire a presente.*

*Considerando que se constituíu garantía suficiente (3.900,00 euros) aos efectos da reparación dos posibles danos que a execución das obras poidan ocasionar na vía pública (rex. entrada nº 5335 de 28/10/2020).*

*En virtude do exposto, por delegación da Alcaldía (res. núm. 524, de 3 de xullo de 2019), e de acordo cos Decretos da Alcaldía de 3 de xullo de 2019 (res. 522/2019 e 526/2019), propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:*

**Primeiro.**- Outorgar a Ana María Salgado López, en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD S.A., licenza para a ocupación do dominio público (expte. O.D.-38/2020) para execución dunha rede de baixa tensión subterránea con un paso aéreo-subterráneo (PAS) e unha canalización de 83 metros, en Campos, 71, Teo (S.G.D.: 618520030038), de acordo co solicitado con data de 24 de setembro de 2020 (rex. entrada nº 202099900001545).

**Segundo.**- Notificar o presente á interesada con sinalamento dos recursos procedentes.”

Á vista da proposta transcrita, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes e por delegación da Alcaldía (Decreto do 3 de xullo de 2020 (res. 622/2020)), acorda:

**Primeiro.**- Outorgar a Ana María Salgado López, en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD S.A., licenza para a ocupación do dominio público (expte. O.D.-38/2020) para execución dunha rede de baixa tensión subterránea con un paso aéreo-subterráneo (PAS) e unha canalización de 83 metros, en Campos, 71, Teo (S.G.D.: 618520030038), de acordo co solicitado con data de 24 de setembro de 2020 (rex. entrada nº 202099900001545).

**Segundo.**- Notificar o presente á interesada con sinalamento dos recursos procedentes.

4.2.- PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE URBANISMO DE AUTORIZACIÓN DE OCUPACIÓN DE DOMINIO PÚBLICO A TELEFÓNICA DE ESPAÑA S.A. (rex. entrada nº 202099900000121 do 06/02/2020).

Dáse conta aos membros da Xunta de Goberno Local da proposta da concelleira de urbanismo de 2 de novembro de 2020 que se recolle a continuación:

### **“PROPOSTA CONCELLEIRA DE URBANISMO**

*Vista a solicitude presentada por Tomás Rodríguez Lizana, en representación de TELEFÓNICA DE ESPAÑA S.A., de 6 de febreiro de 2020 (rex. entrada nº 202099900000121), en relación á comunicación previa de obra (expte. 2020/U026/000017) para a construción de 419 m. de canalización de 2 c PVC de 63 mm., na estrada desde Solláns, 220 ata Mazas, 73.*

*Visto que con data 27 de febreiro de 2020 requíreselle, vía correo electrónico, a presentación de solicitude de autorización de ocupación de dominio, así como garantía á reposición da obra civil por importe de 18.000 euros.*

*Visto que con data 28 de agosto de 2020 (rex. entrada nº 202000000003811), Luis Bermúdez Curros, presenta aval, a nome de Zener Redes, S.A., do Banco Sabadell, por importe de 18.000 euros, para que se lle outorgue autorización para a ocupación do dominio público para a construción de 419 m. de canalización de 2 c PVC de 63 mm., na estrada desde Solláns, 220 ata Mazas, 73 (S/R.: 8081504).*

*Considerando que segundo o artigo 3 do R.D. 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de bens das entidades locais (en adiante, RBEL), as redes de telecomunicacións son bens de dominio público.*

*Considerando que a utilización dos bens de dominio público rexese polos artigos 74 e seguintes do Regulamento citado, diferenciándose, no artigo 74, entre uso común, xeral e especial, uso privativo, uso normal e uso anormal.*

*Considerando que as instalación de redes de telecomunicacións supoñen un uso común especial normal do dominio público suxeito a licenza (SSTS de 17 de outubro de 1978 e 9 de outubro de 1985).*

*Considerando que o artigo 77 do RBEL dispón que o uso común especial se suxeitará a licenza, “axustada á natureza do dominio, ás actas da súa afectación e apertura ao uso público e aos precepto de carácter xeral”.*

*Considerando que, tal e como dispón o parágrafo 2 do artigo citado, as licenzas outorgaranse directamente, “salvo se por calquera circunstancia se limitara o número das mesma, en cuxo caso outorgaranse por licitación”, circunstancia esta última que non concorre no expediente ao que se refire a presente.*

*Considerando que se constituíu garantía suficiente (18.000,00 euros) aos efectos da reparación dos posibles danos que a execución das obras poidan ocasionar na vía pública (rex. entrada nº 202000000003811 de 26/08/2020).*

*En virtude do exposto, por delegación da Alcaldía (res. núm. 524, de 3 de xullo de 2019), e de acordo co Decreto do 3 de xullo de 2020 (res. 622/2020), propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo*

***Primeiro.-*** *Outorgar a Tomás Rodríguez Lizana, en representación de TELEFÓNICA DE ESPAÑA S.A., licenza para a ocupación do dominio público (expte. O.D.-44/2020) para levar a cabo obras de construción de 419 m. de canalización de 2 c PVC de 63 mm., na estrada desde Solláns, 220 ata Mazas, 73, de acordo co solicitado con data de 28 de agosto de 2020 (rex. entrada nº 202000000003811).*

***Segundo.-*** *Notificar o presente ao interesado con sinalamento dos recursos procedentes.”*

**Á vista da proposta transcrita, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes e por delegación da Alcaldía (Decreto do 3 de xullo de 2020 (res. 622/2020)), acorda:**

***Primeiro.-*** ***Outorgar a Tomás Rodríguez Lizana, en representación de TELEFÓNICA DE ESPAÑA S.A., licenza para a ocupación do dominio público (expte. O.D.-44/2020) para levar a cabo obras de construción de 419 m. de canalización de 2 c PVC de 63 mm., na estrada desde Solláns, 220 ata Mazas, 73, de acordo co solicitado con data de 28 de agosto de 2020 (rex. entrada nº 202000000003811).***

***Segundo.-*** ***Notificar o presente ao interesado con sinalamento dos recursos procedentes.***

**5.- PROPOSTA DA ALCALDÍA DE DEVOLUCIÓN DE GARANTÍA A D. JAIME CARREIRA VILLAR.**



Dáse conta aos membros da Xunta de Goberno Local da proposta da alcaldía de 6 de novembro de 2020 que se recolle a continuación:

### **“PROPOSTA DE ALCALDÍA**

Vista a instancia presentada en data por D.Jaime Carreira Villar, de devolución da garantía para canalización de treito de cuneta de acceso a parcela en Rarís.

Visto o informe do técnico municipal, de data 04/11/2020, segundo o cal procede a devolución da fianza.

Visto o informe da intervención municipal, emitido en data 06/11/2020 , favorable á devolución.

**PROPOÑO** á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

**Primeiro**.- Autorizar a cancelación da garantía constituída por D. Jaime Carreira Villar para obra de canalización de treito de cuneta de acceso a parcela en Rarís , por importe de **300,00€**, devolvéndoselle a citada fianza ao interesado.

**Segundo**.- Dar conta do presente acordo á Tesourería municipal para a súa anotación no libro de avais.”.

**Á vista da proposta transcrita, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes e por delegación da alcaldía (Decreto de 3 de xullo de 2020 (res. 622/2020)), acorda:**

**Primeiro**.- Autorizar a cancelación da garantía constituída por D. Jaime Carreira Villar para obra de canalización de treito de cuneta de acceso a parcela en Rarís , por importe de **300,00€**, devolvéndoselle a citada fianza ao interesado.

**Segundo**.- Dar conta do presente acordo á Tesourería municipal para a súa anotación no libro de avais.

### **6.- PROPOSTA DA ALCALDÍA DE APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN “BOMBEO DE SANEAMENTO EN CAXADE (LUOU) “(POS+ 2020) (O-13/2020).**

Dáse conta aos membros da Xunta de Goberno Local da proposta da alcaldía de 10 de novembro de 2020 que se recolle a continuación:

**“ PROPOSTA DA ALCALDÍA DE APROBACIÓN EXPTE. CONTRATACIÓN BOMBEO DE SANEAMENTO EN CAXADE (LUOU) (POS+ 2020) (O-13/2020)**

Visto o acordo da Xunta de Goberno Local de 19 de outubro de 2020 pola que, en relación ao expediente de contratación BOMBEO DE SANEAMENTO EN CAXADE (LUOU) (POS+ 2020) (O-13/2020), motivase a súa necesidade e acórdase iniciar o expediente de contratación e incorporar a acta de reformulo do proxecto, o informe técnico de contratación, certificado de existencia de crédito, os pregos de cláusulas administrativas particulares e os informes de Secretaría e Intervención, e onde se fai constar o financiamento ao abeiro do POS+2020.

Incorporada ao expediente a seguinte documentación:

- Acta de reformulo previo de data de data 20 de outubro de 2020.
- Informe técnico de contratación de data de data 23 de outubro de 2020.
- Certificado de existencia de crédito de data 6 de novembro de 2020
- Prego tipo de cláusulas administrativas particulares que haberán de rexer para a contratación mediante procedemento aberto simplificado (mediante a aplicación de fórmulas) das obras comprendidas nos plans provinciais e outras obras provinciais, de data 6 de novembro de 2020.
- Informe da adxunta a secretaría de data 6 de novembro de 2020.
- Informe de fiscalización de Intervención de data 9 de novembro 2020.

Vistos os artigos 116 e 117 e a disposición adicional segunda da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público, proponse á Xunta de Goberno Local en calidade de órgano de contratación, coa competencia delegada pola Alcaldía (res. 622/2020 de 3 de xullo), a adopción do seguinte

ACORDO:

**Primeiro**.- Aprobar o expediente de contratación para a execución das obras previstas no proxecto denominado BOMBEO DE SANEAMENTO EN CAXADE (LUOU) (POS+ 2020), O-13/2020, mediante procedemento aberto simplificado, con aplicación de fórmulas.

**Segundo**.- Aprobar o Prego de cláusulas administrativas particulares, cos seus anexos, de data 6 de novembro de 2020, que rexerán a contratación.

**Terceiro**.- Aprobar, pola contía de 398.574,53 € (329.400,44 € + 69.174,09 € de IVE), o gasto que representa a dita contratación, con cargo á partida orzamentaria 2020 161/629.00 do estado de gastos do orzamento municipal.

**Cuarto.**- Proceder á apertura do procedemento de adxudicación, publicando o anuncio de licitación no perfil do contratante do órgano de contratación (Plataforma de Contratación do Sector Público), para que os interesados poidan presentar as proposicións que consideren pertinentes, durante o prazo de 20 días naturais desde a citada publicación.

**Quinto.**- Determinar a composición da mesa de contratación, que deberá constituírse para a apertura de proposicións, e que estará integrada polos membros que se indican a continuación:

**Presidenta:** Uxía Lemus de la Iglesia, concelleira de urbanismo, seguridade cidadá, enerxía e sostibilidade.

**Vogais:**

- Virginia Fraga Díaz, secretaria xeral do concello.
- Mónica Isabel Lado Varela, interventora do concello.
- Ignacio Soto González, arquitecto municipal.
- Carmen Diéguez González, vogal, concelleira do grupo municipal do BNG.

**Secretaria:**

M<sup>a</sup> Elena Sueiro Fernández, adxunta a secretaria xeral do concello.

**Suplentes:** Os membros da mesa de contratación poderán ser substituídos por causa xustificada. A estes efectos a presidenta será substituída polo alcalde, a secretaria e a interventora serán substituídas polo/a funcionario/a que legalmente as supla, o arquitecto municipal polo arquitecto técnico municipal don Luís Javier Castro Martínez, e a concelleira Carmen Diéguez González polo/a concelleiro/a do seu grupo que designe. A secretaria da mesa será substituída por un/unha funcionario/a municipal.

**Sexto.**- Publicar o presente acordo no perfil do contratante de acordo co disposto no artigo 117 da LCSP.”.

**Á vista da proposta transcrita, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes e por delegación da alcaldía (Decreto de 3 de xullo de 2020 (res. 622/2020)), acorda:**

**Primeiro.**- **Aprobar o expediente de contratación para a execución das obras previstas no proxecto denominado BOMBEO DE SANEAMENTO EN CAXADE (LUOU) (POS+ 2020), O-13/2020, mediante procedemento aberto simplificado, con aplicación de fórmulas.**

**Segundo.-** Aprobar o Prego de cláusulas administrativas particulares, cos seus anexos, de data 6 de novembro de 2020, que rexerán a contratación.

**Terceiro.-** Aprobar, pola contía de 398.574,53 € (329.400,44 € + 69.174,09 € de IVE), o gasto que representa a dita contratación, con cargo á partida orzamentaria 2020 161/629.00 do estado de gastos do orzamento municipal.

**Cuarto.-** Proceder á apertura do procedemento de adxudicación, publicando o anuncio de licitación no perfil do contratante do órgano de contratación (Plataforma de Contratación do Sector Público), para que os interesados poidan presentar as proposicións que consideren pertinentes, durante o prazo de 20 días naturais desde a citada publicación.

**Quinto.-** Determinar a composición da mesa de contratación, que deberá constituírse para a apertura de proposicións, e que estará integrada polos membros que se indican a continuación:

**Presidenta:** Uxía Lemus de la Iglesia, concelleira de urbanismo, seguridade cidadá, enerxía e sostibilidade.

**Vogais:**

- Virginia Fraga Díaz, secretaria xeral do concello.
- Mónica Isabel Lado Varela, interventora do concello.
- Ignacio Soto González, arquitecto municipal.
- Carmen Diéguez González, vogal, concelleira do grupo municipal do BNG.

**Secretaria:**

M<sup>a</sup> Elena Sueiro Fernández, adxunta a secretaria xeral do concello.

**Suplentes:** Os membros da mesa de contratación poderán ser substituídos por causa xustificada. A estes efectos a presidenta será substituída polo alcalde, a secretaria e a interventora serán substituídas polo/a funcionario/a que legalmente as supla, o arquitecto municipal polo arquitecto técnico municipal don Luís Javier Castro Martínez, e a concelleira Carmen Diéguez González polo/a concelleiro/a do seu grupo que designe. A secretaria da mesa será substituída por un/unha funcionario/a municipal.

**Sexto.-** Publicar o presente acordo no perfil do contratante de acordo co disposto no artigo 117 da LCSP.

## 7.- PROPOSTA DA ALCALDÍA DE CONCESIÓN DE SUBVENCIONS A ENTIDADES PARA ACTIVIDADES DE BENESTAR REALIZADAS EN 2020.

Dáse conta aos membros da Xunta de Goberno Local da proposta da alcaldía de 4 de novembro de 2020 que se recolle a continuación:

### “PROPOSTA DE ALCALDÍA

Téndose aprobado pola Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria de data 17/08/2020 as bases da convocatoria de subvencións a entidades para actividades de benestar realizadas en 2020, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia nº139 de data 27/08/2020.

Téndose valorado a documentación presentada polas entidades interesadas por parte da comisión de valoración á que se refire a base 8ª da convocatoria, que presentou a súa proposta de concesión en data 29/09/2020.

Visto o informe de Intervención emitido ao respecto, de data 04/11/2020.

E, considerando o disposto na citada Base 8ª da Convocatoria referida,

PROPOÑO á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

**Primeiro.-** Aprobar a proposta da Comisión de valoración de data 29/09/2020, segundo a cal procede conceder os importes que de seguido se indican ás seguintes entidades beneficiarias:

ENTIDADE	LIMITE MAX	CONCEDIDO
Mulleres rurais	954€	954€
Cruceiro de Monte	1.875 €	1.875€
TOTAL		2.829€

**Segundo.-** Dar conta do presente acordo ás entidades interesadas, así como ao servizo económico aos efectos oportunos.”

Á vista da proposta transcrita, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes e por delegación da alcaldía (Decreto de 3 de xullo de 2020 (res. 622/2020)), acorda:

**Primeiro.-** Aprobar a proposta da Comisión de valoración de data 29/09/2020, segundo a cal procede conceder os importes que de seguido se indican ás seguintes entidades beneficiarias:



ENTIDADE	LIMITE MAX	CONCEDIDO
Mulleres rurais	954€	954€
Cruceiro de Monte	1.875 €	1.875€
<b>TOTAL</b>		<b>2.829€</b>

**Segundo.- Dar conta do presente acordo ás entidades interesadas, así como ao servizo económico aos efectos oportunos.**

#### **8.- PROPOSTAS DA ALCALDÍA.**

Entrados neste punto non se presenta ningunha.

#### **9.- ROGOS E PREGUNTAS.**

Entrados neste punto non se presenta ningún/ha.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as catorce horas e dez minutos, de orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, do que eu, secretaria dou fe.

O alcalde

A secretaria xeral

Rafael C. Sisto Edreira

Virginia Fraga Díaz